

## Oferta de emprego

# Técnico en analítica de datos e Intelixencia Artificial

Buscamos un **experto en analítica de datos e IA**, para procesamento e análise avanzado de datos de sensores, así como datos de imaxe, que traballe tanto na explotación de datos como no desenvolvemento de ferramentas para a compañía.

---

### *A TÚA MISIÓN*

---

- Traballar co equipo de enxeñaría e analítica de Opus RSE de Madrid en diferentes proxectos de medición das emisións de tráfico e en desenvolvementos tecnolóxicos propios.
- Liderar o procesamento de datos masivos dos nosos sensores RSD, así como á súa explotación, dende SQL ata Python e PowerBI.
- Traballar en novas ferramentas internas que faciliten a explotación de datos, a través de diferentes scripts, dashboards e utilidades varias, tanto de cara a cliente como internas.
- Mellorar a nosa ferramenta de procesado de imaxe (computer vision) para a análise visual de cada vehículo mediante cámaras de tráfico.
- Explotar os datos ao máximo, tanto para crear informes e analíticas avanzadas para os clientes, como para manter o control e xestión dos nosos sensores no mundo real.

---

## REQUISITOS MÍNIMOS

---

### Formación:

- Grado en Enxeñaría Informática, Matemáticas, Física, Estatística, Telecomunicacións ou disciplinas afíns.
- Máster ou especialización en Ciencia de Datos, Machine Learning ou Intelixencia Artificial (ou experiencia equivalente).

### Habilidades técnicas:

- Programación: Python (pandas, NumPy, scikit-learn, OpenCV, TensorFlow/PyTorch).
- Bases de datos: SQL avanzado e experiencia con bases de datos relacionales.
- Visualización de datos: Power BI.
- Procesamiento de imaxes: Experiencia en Computer Vision con modelos de IA.
- Machine Learning: Desenvolvemento e implementación de modelos predictivos e analíticos.

### Soft skills:

- Boa persoa e dilixente.
- Enfocada a resultados, capaz de traballar con tempos de entrega cortos nun entorno moi dinámico.
- Adaptable, flexible, capaz de pivotar entre tarefas.

### Outros:

- Nivel alto de inglés (B2 mínimo).
- Capacidade para traballar en equipo e de forma autónoma.
- Habilidade para documentar procesos e xerar informes técnicos.



---

## O QUE OFRECEMOS

---

- Incorporación inmediata.
- Salario moi competitivo dacordo coa experiencia e habilidade.
- Empresa sólida e en rápida expansión. Unha empresa e un produto únicos en todo o mundo.
- Un ambiente de traballo espectacular, con compañeiros de moi alto nivel nas súas diferentes especialidades e gran valor humano. Aprenderás dos mellores.
- Un reto desafiante. Un lugar cun ritmo cambiante e proxectos innovadores, que impulsará a tú carreira e as túas capacidades.
- Teletraballo – híbrido.
- Media Xornada

---

## SOBRE NÓS

---

OPUS RSE é a única empresa no mundo con acreditación ISO-17025 para a medición a distancia das emisións reais dos vehículos. Fabricamos e comercializamos una tecnoloxía única e punteira, que exportamos a todo o mundo, que permite monitorizar a distancia e de forma non intrusiva as emisións reais do tráfico rodado. Somos unha pequena empresa tecnolóxica española, integrada nunha gran empresa internacional de 2,600 empregados, con oficinas en 34 países. Isto permítenos ter a filosofía e flexibilidade dunha startup co apoio e experiencia dunha multinacional.

### **Contacto:**

[info@opusrse.com](mailto:info@opusrse.com)

Tel: 915592868

